

O rock bravú e o romanceiro tradicional conflúen en Lugo na xornada de tradición oral

► A Asociación de Escritores en Lingua Galega organiza a sesión o día 26 na Deputación

RUTH LÓPEZ

✉ cultura@elprogreso.es

LUGO. Dorothé Schubarth, Jose Luis Forneiro, Xurxo Souto e Branca Villares Naveira serán as voces expertas que se escoitarán na XII Xornada de Literatura de Tradición Oral que celebrará na Deputación de Lugo a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) o vindeiro sábado día 26, nunha edición na que os relatores tratarán de conectar o romanceiro tradicional e o rock bravú.

Investigadores, mestres, musicólogos e escritores de recoñece-

mento internacional porán o foco na literatura oral pensada para cantar e proporán unha reflexión sobre a evolución da cultura popular.

A xornada comezará cunha conferencia de Jose Luis Forneiro sobre a identidade, lingua e normalización do romanceiro tradicional e a cultura galega, e continuará cun simposio de Dorothé Schubarth titulado 'O romance tradicional: relación entre texto e melodía', na que o musicóloga suíza falará do presente e pasado deste xénero da cultura popular.

Tras as dúas primeiras conferencias chegará unha mesa redonda, coordinada por Antonio Reigosa, na que participarán os dous primeiros relatores en torno os romances con rima e melodía e a supervivencia xénero.

Despois de xantar, Xurxo Souto falará das novas formas na música popular, 'Da romaría á festa. Da movida ao bravú', e falará de como a migración galega trouxo e levou músicas e letras.

Branca Villares disertará da violencia contra a muller nas cantigas da montaña luguesa antes da segunda mesa redonda, centrada na música popular no século da globalización. A xornada rematará cunha sesión práctica.